



Volumen 7 nº 12, junio de 2022
Volume 7 nº 12, June 2022

Patóxenos descritos en Galicia
Alternaria alternata (Fr.) Keissl

*Plant pathogens referenced in Galicia - Alternaria
alternata* (Fr.) Keissl

Revisión Técnica – *Technical Revision*

J.L. Andrés Ares

Consultorías Noroeste S.C.



Patóxenos de plantas descritos en Galicia – *Alternaria alternata* (Fr.) Keissl.

Plant pathogens referenced in Galicia - Alternaria alternata (Fr.) Keissl.

J.L. Andrés Ares.

Consultorías Noroeste S.C.

Aprobado en maio de 2022

Revisión técnica – *Technical revision*

2445-1703(20220630)7:12<243:PDPDEG>1.0;CD;2-B

Artigo escrito en idioma galego – *Paper written in Galician language*

Resumo

No presente traballo de revisión o autor describe as características biolóxicas mais relevantes así como os métodos de control do patóxeno descrito en Galicia *Alternaria alternata* Keissl.

Palabras clave: Necroses foliares.

Abstract

In the present paper the author describes the most relevant biological aspects as well as management methods of the pathogen referenced in Galicia, Alternaria alternata Keissl.

Key words: *Alternaria spots.*

1. Introducción

O xénero *Alternaria* foi descrito por primeira vez en 1817 con *A. tenuis* como illado tipo. O xénero atópase por todo o mundo como especies de fungos saprófitos, endófitos, patóxenos de plantas e patóxenos humanos emerxentes.

En alcouve o patóxeno –referenciado como *Alternaria alternata*– provoca pequenas lesións de cor gris a marrón, de formas irregulares, e situadas nas puntas tanto das follas adultas como das novas. As lesións terminan por unirse provocando a necrose total dos tecidos afectados. A infección desenvólvese de forma descendente baixo condicións de elevada temperatura. As infeccións severas provocan os marchados das puntas foliares terminando por provocar a seca da totalidade da superficie foliar.

Nas plantacións adultas o patóxeno provoca pequenas lesións irregulares de cor amarelento ou marrón que aparecen cerca da punta das follas, terminando por estenderse pola totalidade da superficie foliar formando lesións puntuais necróticas. As infeccións severas provocan os marchados foliares.

Este patóxeno foi descrito polo autor do presente artigo como axente patóxeno de determinadas especies leñosas e herbáceas ornamentais. Previamente describíranse en España cepas patoxenas do mesmo sobre as variedades de cítricos Fortune, Nova y Mineola (*A. alternata* pv. *citri*) e sobre remolacha.